

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA  
FACULTADE DE HISTORIA DO 4 DE MAIO DE 2018

**Lista de asistentes**

**Presidenta, decana e coordinadora de calidade**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretaria e representante do PAS**

Josefina T. Cadilla Lomba

**Coordinador do Mestrado en Valoración,  
Xestión e Protección do Patrimonio  
Cultural**

Pérez Losada, Fermín

**Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía  
e Ciencias da Antigüidade**

Comendador Rey, Beatriz

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

**Estudantes**

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Souto Castro, Iria

**Membros da sociedade**

Eguileta Franco, José María

Díaz Naya, Rosa María

**Desculpan a súa ausencia**

**Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, Beatriz

**PDI**

López Díaz, María

Na sala de profesores do Edificio de Ferro do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o venres 4 de maio de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 5 de abril de 2018

2.- Informe da presidenta.

3.- Preparación e peche da visita da Comisión encargada do proceso de acreditación do título de Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

4.- Aprobación, se procede da política e obxectivos de calidade para o curso 2017/2018.

5.- Aprobación, se procede, da prórroga ou renovación dos criterios para seleccionar os recursos materiais e os provedores/as e a ficha de solicitude.

6.- Aprobación, se procede, da actualización do Plan Operativo de Información Pública.

7.- Rogos e preguntas.

Da comezo a decana á sesión ordinaria da Comisión de Calidade dando lectura aos nomes dos membros que escusan a súa asistencia e que figuran ao marxe desta acta.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 5 de abril de 2018**

Apróbase por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Inicia o seu informe indicando que o equipo reitoral está en funcións e que o novo equipo tomará posesión probablemente o 28 de maio. A vicerreitora do campus será Esther de Blas, profesora da Facultade de Ciencias, haberá varias Direccións de Área no Campus de Ourense.

O día 3 de maio houbo unha xuntanza convocada pola área de Calidade na que se redactou un documento no que se analizaban distintas cuestións relacionadas co momento en que se atopa a Calidade na UVigo. Entre outros aspectos, constáronse algúns aspectos que hai que mudar, como o feito de que haxa procedementos que dependen da aprobación das Comisións de Calidade dos centros cando estes non teñen poder decisorio sobre eles. Considérase tamén necesario transmitir que a Calidade non é só burocracia se non que é un mecanismo para analizar o estado das accións e propor medidas de accións de mellora; púxose tamén de manifesto que na Calidade debería participar toda a comunidade universitaria.

No novo equipo de goberno este área dependerá da Secretaría Xeral, o secretario xeral será o profesor da facultade de Dereito, Miguel Michinel, que era coordinador de calidade nese centro. Xosé María Clement, o actual director da Área de Calidade, non renovará no seu cargo. Xa confirmou a súa asistencia o martes día 8 de maio á reunión final da Comisión da Acreditación do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Indica a decana que Marta López, membro da Comisión de Calidade como egresada, este ano non pode asistir porque lle coinciden as reunións na súa xornada laboral, o que motivou que propuxera deixar de ser membro da comisión. Susana Reboreda, como coordinadora de Calidade, considera moi interesante a súa colaboración, aínda que non poida asistir as xuntanzas, xa que se trata dunha persoa moi implicada nesta temática, de feito participa como estudante en moitas comisións de avaliación. A proposta que se lle fixo

e que continúe na Comisión e estea en contacto coa Coordinadora para transmitirle a súa opinión, que enriquece moito o traballo da mesma.

### **3.- Preparación e peche da visita da Comisión encargada do proceso de acreditación do título de Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

Da lectura da relación de persoas que asistirán as diversas reunións polos distintos sectores: comisión de calidade, comisión académica de mestardo, estudantado, profesorado, persoal de administración e servizos, egresados e egresadas, empregadores/as e titores/as de prácticas. Recalca que é moi importante que non se repitan demasiado as persoas que asistan as reunións, aínda que será difícil por tratarse dun centro pequeno. Da lectura tamén á axenda da visita. Propón que na reunión co equipo directivo se faga a presentación do centro e a do mestrado dun xeito xenérico.

Opina que a Comisión Avaliadora vai a insistir no abandono da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia do mestrado e na xustificación de que a titulación poida manterse con ese gran cambio sen perder a súa esencia.

As reunións serán na aula 2.3. O coordinador do mestrado, Fermín Pérez está a traballar cos informáticos para preparar as sesións virtuais. Tentará resolver as cuestións técnicas para que todo funcione perfectamente o día da visita.

A profesora Beatriz Vaquero, antiga secretaria do mestrado, indica que hai que aclarar aos acreditadores que e-Meeting non é un sistema para proxectar nunha sala, dado que se utiliza habitualmente cun equipo unipersoal, de xeito que se o que se desexa é proxectar para un grupo de xente, por exemplo para cinco ou seis persoas co micrófono aberto, poderá haber moitos problemas de retorno do son.

Susana Reboreda, explica que o luns, vaise preparar a aula para a visita, tanto para as reunións presenciais como as virtuais. Realízanse distintos intercambios de opinións entre os profesores Antonio Presedo, Fermín Pérez, Susana Reboreda, Yolanda Barriocanal e Beatriz Vaquero sobre as posibilidades na aula.

A decana comeza co borrador da presentación, lembrando que é unha presentación xenérica do centro e do título. As persoas presentes realizan

distintas aportacións, que se teñen en conta e que se incorporan á versión realizada en PowerPoint.

#### **4.- Aprobación, se procede da política e obxectivos de calidade para o curso 2017/2018.**

O borrador deste procedemento, elaborado por Susana Reboreda e Antonio Presedo, xa foi enviado co convocatoria. A decana explica que se elaborou en base aos obxectivos propostos e alcanzados o pasado curso, tratando de manter a obxectividade. Apróbase por asentimento.

#### **5.- Aprobación, se procede, da prórroga ou renovación dos criterios para seleccionar os recursos materiais e os provedores/as e a ficha de solicitude.**

Dado que o procedemento existente considérase acertado para as necesidades do centro, propónse a prórroga do mesmo, tanto nos criterios como na ficha. A última adquisición de importancia que fixo o centro foi de un equipo informático para a Delegación de Alumnado.

Aprobase por asentimento.

#### **6.- Aprobación, se procede, da actualización do Plan Operativo de Información Pública.**

O borrador do procedemento que foi enviado coa convocatoria desta Comisión, foi elaborado por Susana Reboreda e Antonio Presedo. O procedemento foi, partindo do aprobado no curso pasado, suprimir os aspectos en desuso e incluír as novidades e proxectos de futuro. Outro aspecto completado foi a inclusión do mesmo da información relativa ao mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, a través dos links á web do título.

Advirte a profesora Beatriz Comendador que o responsable do mantemento da páxina web está tardando demasiado en colgar as cousas. Susana Reboreda, asinte e explica que tentará falar con el dese tema.

#### **7.- Rogos e preguntas.**

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.30 h do día 4 de maio de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.



A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba